

N. REF: 2017/ORDRG/000004

PARTICIPACIÓN NO PROCEDIMENTO DE ELABORACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

Ao abeiro do disposto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na súa calidade de organización máis representativa potencialmente afectada pola elaboración e futura aprobación do novo Regulamento do servizo de auga potable do Concello de Pontevedra, solicítase a súa opinión, co fin de que, nun prazo de 10 días hábiles poida presentar, a través da páxina web, o parecer da súa organización e as suxestións que considere procedentes, verbo das seguintes cuestións que se desenvolven na copia da consulta que se remite, previa á elaboración do proxecto de regulamento:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Poderá remitir as súas opinións e achegas a través do portal web do Concello de Pontevedra (www.pontevedra.gal), no formulario habilitado ao efecto (<http://www.pontevedra.gal/participa/normas-en-tramitacion-a-tua-opinion/regulamento-de-abastecemento-de-auga/>) e durante o expresado prazo, no que calquera persoa poderá achegar a súa opinión na consulta pública que se efectúa.

O Concelleiro de goberno responsable da área de Contratación e Facenda